



**O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS ORGANIZA A**  
**V EXPOSICIÓN**  
**TAL COMO ERAMOS**

**Fotos para o recordo-GUITIRIZ**

**INAUGURACIÓN: VENRES, 21 DE DECEMBRO DE 2018**

**NA CASA HABANEIRA DE GUITIRIZ**

DENDE O 21 DE DECEMBRO



O Instituto de Estudos Chairegos "Pena do Encanto" (Iescha), coa colaboración do Concello, inaugura o venres, día 21 de decembro de 2018, na Escola Habaneira de Guitiriz, a mostra fotográfica baixo a denominación xenérica "Tal como eramos. Fotos para o recordo-Guitiriz", que chega á súa V edición.

Esta mostra consta de 120 fotografías en branco e negro e tamaño 30x20, a maioría da segunda metade do S. XX. Mostran a paisaxe guitiricense deses anos e xente da localidade en celebracións, actividades profesionais, eventos deportivos, etc. Hai tamén fotos que teñen como protagonistas a nenos así como instantáneas de grupos, de parellas e individuais.

Posteriormente, todas estas fotos, xunto coas da IX exposición de *Tal como eramos-Fotos para o*

*recordo-Vilalba*, incluíranse no apartado correspondente do Caderno de Estudos Chairegos nº 9, que se editará a finais do presente ano.